

Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2021 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS INNOVADORAS EMERXENTES (CLÚSTERES EMERXENTES) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1. Antecedentes:

Por Resolución do 23 de decembro de 2020 (DOG nº 16, do 26 de enero), publicáronse as bases reguladoras das axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Para a avaliación das 4 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de avaliación e selección de proxectos establecidos no artigo 6.4 das bases reguladoras da axuda:

1º. Importancia da actividade na economía galega: a partir do requisito mínimo do 1 % establecido no artigo 4.1.c): 5 puntos por cada 0,2 % adicional de facturación conxunta sobre o PIB galego ata un máximo de 25 puntos.

2º. Fortaleza da entidade clúster emerxente: número de empresas asociadas galegas ou con centro de traballo en Galicia na data de solicitude. 1 punto por empresa ata un máximo de 25 puntos.

3º. Encaixe da entidade no soporte ou representatividade dos sectores estratéxicos da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0: 20 puntos se o núcleo da cadea de valor representada se centra nun eido de actividade prioritario (estratéxico ou emerxente e de alto potencial) definido na axenda. 15 puntos se se trata de un eido transversal tecnolóxico de valor industrial.

4º. Informe de antecedentes e xustificación da importancia da iniciativa clúster: ata 20 puntos.

5º. Existencia de centros ou institucións tecnolóxicas ou de investigación entre os socios iniciais do clúster: 5 puntos por cada un ata un máximo de 10 puntos.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 4 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación do anterior baremo, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS INNOVADORAS EMERXENTES (CLÚSTERES EMERXENTES) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, con data 30/07/2021.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións aos 3 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 260.000 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 1 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.



Cuarto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es (apartado “Consulta de resolucións definitivas” <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 14.3 das bases reguladoras.

Habilítase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo www.tramita.igape.es, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2021 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS INNOVADORAS EMERXENTES (CLÚSTERES EMERXENTES) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Expediente núm.	Titular	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG193.2021.1.2	Viratec, Cluster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (G02881563)	90,00	30/06/2022	30/07/2022	100.000,00	80,00	80.000,00
IG193.2021.1.4	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837)	90,00	30/06/2022	30/07/2022	125.000,00	80,00	100.000,00
IG193.2021.1.1	ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALICIA (G42965343)	78,00	30/06/2022	30/07/2022	100.000,00	80,00	80.000,00

TOTAL:

260.000

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2021 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS INNOVADORAS EMERXENTES (CLÚSTERES EMERXENTES) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
IG193.2021.1.3	Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia, DIHGIGAL (G27877166)	<p>Incumplimento dos artigos 1 e 4.1 das Bases reguladoras.</p> <p>O artigo 1 establece como proxectos obxectos de apoio os que teñan por finalidade fomentar a cooperación e a innovación empresarial en distintos ámbitos de interese para a actividade económica de Galicia mediante a concesión de axudas ás entidades xurídicas xestoras de agrupacións empresariais innovadoras emerxentes galegas (clústeres emerxentes). para a posta en marcha dun cluster emerxente facilitando a elaboración dun plan estratéxico e as acción prioritarias de dito plan.</p> <p>O artigo 4 define os beneficiarios destas axudas, establece que poderán ser beneficiarios ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes galegas (clústeres emerxentes)</p> <p>A Asociación DIHGIGAL está constituída por tres clústeres consolidados, polo tanto parte dunha estrutura consolidada e non dunha estrutura emerxente.</p>